



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE A COVID-19 NO COMERCIO

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS SENSIBLES

Identificar ao **persoal traballador especialmente sensible** e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.



CASOS

Os casos sospeitosos ou confirmados seguirán as **condicións de illamento ou corentena** que lles indiquen dende asistencia sanitaria ou saúde pública.



INFORMACIÓN

Difundir as recomendacións e normativa da autoridade sanitaria e do servizo de prevención ante o coronavirus con especial atención ás vías de transmisión e as medidas de prevención e protección adoptadas.



DESPRAZAMENTO

Utilizarse sempre a **máscara** no transporte agás nos vehículos de turismo cando só viaxen conviventes.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



NO COMERCIO

Manter 1,5 metros de distancia entre clientela e persoal.



MEDIDAS DE BARREIRA

Nas zonas de atención ao público, como mostradores e caixas de cobro, adoptar medidas de barreira (pantallas ou similares) de fácil limpeza e desinfección.



AGLOMERACIÓNS

Non superar a capacidade máxima. **Evitar a formación** de grupos numerosos e **aglomeracións**.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións hidroalcohólicas. O uso de **luvas non debe substituír a hixiene** das mans.



MATERIAL

Asegurar a dispoñibilidade de **material para a limpeza** e desinfección diaria. Ter **dispensadores de xeles hidroalcohólicos** ou desinfectantes con actividade viricida, accesibles para a clientela.



VÍAS RESPIRATORIAS

Non quitar a máscara para tusir ou esburrar, cambiala no caso de que estea húmida, cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado. Se usamos panos desbotables botalos nunha papeleira tras o seu uso. Posteriormente, realizar a hixiene das mans.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



LIMPEZA DE ESPAZOS

Asegurar a limpeza e desinfección **adecuadas** dos locais, e intensificala nas superficies que se tocan máis (mostradores, pomos de portas, ordenador, TPV, probadores, aseos, etc.). Limpar a área de traballo nos cambios de persoal e ao finalizar a xornada.



VENTILACIÓN

Ventilar o local como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario. Asegurar a renovación do aire. Se hai sistemas de climatización ou ventilación instalados ademais vixiar o seu correcto funcionamento e mantemento.



MÁSCARAS

O uso de **máscara é obrigatorio** aínda que se poida garantir a distancia de seguridade no comercio.



HIXIENE DO PRODUTO

Ter ao alcance da clientela só as **pezas imprescindibles**, por exemplo, unha por modelo, para favorecer que o persoal poida controlar mellor a súa manipulación.



MATERIAL DE TRABALLO


Utilizar de **forma recorrente xeles hidroalcohólicos** ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao uso de material que comparta o persoal como ordenadores, datáfonos, etiquetadoras, etc.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SINALIZAR

Sinalizar **no chan** as distancias a respectar e definir camiños para desprazarse con seguridade.



ESPAZOS REDUCIDOS

Nos comercios con **probadores**, unha única persoa por cuarto. Reforzar a **limpeza e desinfección**.



PAUTAS DE ACTUACIÓN

Establecer pautas de actuación ante unha **persoa traballadora con síntomas** no seu posto de traballo, para protexela a ela e ao resto do persoal.



PAGO ELECTRÓNICO

Fomentar o pago por medios electrónicos (tarxeta, móbil).

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal